

# O COELLIÑO BRANCO

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

1º PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN - 1999

OS MELLORES LIBROS (Banco do Libro de Venezuela) - 2000

PREMIO UN LIBRO PER L'AMBIENTE (Italia) - 2010

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2002

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia)

**O coelliño branco** (galego)

ISBN 978-84-8464-548-1. Os contos do trasno.

**El pequeño conejo blanco** (castelán)

ISBN 978-84-8464-565-8. Cuentos tradicionales.

**El conejo blanco** (castelán)

ISBN 978-84-8464-235-0. Makakiños.

**El conillet blanc** (catalán)

ISBN 978-84-16804-00-9. Contes tradicionals.

**Untxitxo txuria** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-823-7. Herri ipuinak.

**O coelhinho branco** (portugués)

ISBN 978-972-8781-58-3. Contos tradicionais.

**The little white rabbit** (inglés)

ISBN 978-84-8464-678-5. Books for dreaming.

**Il piccolo coniglio bianco** (italiano)


ISBN 978-88-95933-17-7. I racconti tradizionali.

*Érase unha vez un coelliño branco. Un día foi buscar coles á horta para facer un caldiño. Cando o coelliño volveu á casa, atopou a porta pechada e petou.*

*-Quén é? -preguntou un vozarrón desde dentro...*

Na busca de axuda para reconquistar o seu fogar, ocupado pola terrible cabra *cabraza*, que se lle salta enriba o *esmagaza*, o coelliño branco levará varias sorpresas. Trátase dun texto-fórmula concebido tanto para ser lido como para ser contado, e que xoga dunha forma especial coa sonoridade e coa rima. Tamén reivindica a amizade e a coraxe como proba de que a valentía non é cuestión de tamaños.

"O coelliño branco" é unha adaptación de Xosé Ballesteros a partir dun conto popular portugués, con ilustracións de Óscar Villán que, por esta obra, foi galardoado en 1999 co 1º Premio Nacional de Ilustración. O álbum foi incluído polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo 'Os Mellores Libros para Nenos' do 2000. Tamén se publicou na colección Makakiños, en colaboración coa Asociación BATA, adaptándoo ao sistema de pictogramas SPC para facilitar a lectura ás persoas con necesidades de apoio educativo.



■ **Temática:** a amizade e a valentía.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura encadeada; cooperación; animais humanizados; conta con versión adaptada a pictogramas; Premio Nacional de Ilustración 1999, entre outros galardóns; do autor de "[Imaxina animais](#)" e adaptador de contos tradicionais; do ilustrador de "[A cebra Camila](#)", "[Amora](#)", "[Animais de compañía](#)", o libro-disco "[Canta connosco!](#)", a colección "[Do berce á lúa](#)", "[Non hai escapatoria](#)", "[O Rei Oso Branco](#)" e "[Un becho estraño](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-coelhinho-branco-g\\_3e13ff491893a1](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-coelhinho-branco-g_3e13ff491893a1)

## Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie "Os Gordibolas" (Xerais), do libro "Imaxina animais" e adaptou varios contos tradicionais, como "O coelliño branco", "O traxe novo do rei", "Os tres osos" e "Os sete cabritos" e "As pescadoras" (KALANDRAKA), Premio da 33ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Madrid; ademais, traduciu ao castelán a antoloxía "Fernando Pessoa: selección poética" (FAKTORÍA K).

## Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, "O coelliño branco" (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre os numerosos libros que ilustrou para diversas editoriais destacan a colección *Do berce á lúa*, o libro-disco "Canta connosco!", "A Cebra Camila", "Amora", "Animais de compañía", "O Rei Oso Branco", "Non hai escapatoria" (KALANDRAKA) e "Un becho estraño" (FAKTORÍA K). Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis. Dirixe a colección de arte *Alfabetos*, de KALANDRAKA.

[www.ovillan.com](http://www.ovillan.com)



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com